

AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE EMPREGO DA MOCIDADE E IMPLANTACIÓN DA GARANTÍA XUVENIL EN I+D+i

SEGUNDA CONVOCATORIA

A Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desarrollo e Innovación publicou o 4 de xullo de 2019 a resolución de concesión de subvencións para a promoción do emprego da mocidade e implantación da garantía xuvenil en I+D+i, convocatoria 2018, na que a Universidade da Coruña figura como beneficiaria das seguintes accións:

Accións concedidas	Nº titulados universitarios concedidos	Nº titulados FP concedidos
Investigación avanzada en Xeocronoloxía e Paleontoloxía Molecular	1	--
Xestión documental das actividades de transferencia e investigación na UDC	1	--

O programa de Emprego xuvenil ten por obxecto a **contratación e formación de persoal técnico ou de Xestión de I+D, por un período de dous anos**, que cumpra os seguintes requisitos:

- § **Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións**, segundo o posto financiado:
 - Titulacións universitarias: licenciado, enxeñeiro, Arquitecto, Graduado, Diplomado, Enxeñeiro técnico ou Arquitecto Técnico.
- § **Estar inscrito no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Juvenil (SNGJ)**. O proceso de inscrición deberase solicitar consonte ao establecido no artigo 98 da Lei 18/2014, de 15 de outubro e o artigo 1.9 do Real Decreto-lei 6/2016 de 23 de decembro, ben de xeito telemático a través da sede do Ministerio de Emprego e Seguridade Social ben de xeito non telemático para as excepcións contempladas no mencionado artigo.
- § **Estar en algunha das seguintes situacións**:
 - Ter entre 16 e 24 anos.
 - Ter menos de 30 anos, no caso de persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
 - Ter entre 26 e 30 anos, ata que a taxa de desemprego dese colectivo estea por debaixo do 20%, segundo a enquisa de poboación activa correspondente ao último trimestre do ano (visto que en dito trimestre do 2018 esta taxa foi do 19,07%, esta situación non se da para a presente convocatoria) <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=4086>

En consecuencia, a UDC **promoverá** a contratación de titulados enmarcados nas liñas de actuación concedidas nalgúns dos seguintes perfís:

- § **Liña de Actuación " Investigación avanzada en Xeocronoloxía e Paleontoloxía Molecular. (Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal) "**:

Código Seguro De Verificación	7L/XxQQbc42ITgJTWymwhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Salvador Naya Fernández - Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia	Asinado	23/09/2019 14:21:22
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/7L/XxQQbc42ITgJTWymwhQ==		





- Titulado universitario no ámbito das Ciencias Experimentais (Biología, Xeoloxía, Física, Química). Valoraranse especialmente coñecementos en informática (paquete R, bioinformática).

§ Liña de Actuación " *Xestión documental das actividades de transferencia e investigación na UDC (Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia)*":

- Titulado universitario no ámbito da Información e Documentación. Valorarase especialmente a formación e a experiencia en procedementos informáticos de xestión de bases de datos, así como o dominio da lingua inglesa.

INSCRIPCIÓN E SELECCIÓN

As persoas interesadas en participar nesta posible contratación deberán presentar a ficha que se achega xunto co *Curriculum vitae*, dirixido á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, indicando na opción solicita "PEJ 2018":

- No rexistro electrónico da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register
- Ou presencialmente no Rexistro Xeral da Universidade (Rúa Maestranza, 9), no Rexistro Auxiliar de Elviña (Local nº 1, baixo, da Facultade de Ciencias no Campus da Zapateira) ou no Rexistro Auxiliar de Ferrol (Dr. Vázquez Cabrera, sn)

O prazo para remitir a documentación estará aberto ata as **14 horas do próximo 7 outubro**.

Os criterios de selección serán os seguintes:

TITULADO UNIVERSITARIO

- § Nota media do expediente académico: 35 puntos
- § Formación complementaria específica (mestrado, doutoramento, cursos, idiomas, etc.) relacionada co perfil concreto ao que se presenta: 35 puntos
- § Entrevista persoal: valorarase a adecuación do *curriculum vitae* ao posto de traballo. Entrevistarase aos candidatos con maior puntuación nos *ítems* anteriores (máximo tres candidatos para cada un dos perfís). 30 puntos

Entrevistarase aos candidatos con maior puntuación nos *ítems* anteriores (máximo tres candidatos para cada un dos perfís): 30 puntos

IMPORTANTE

Para poder ser contratado a través destas axudas **É OBRIGATORIO ESTAR INSCRITO NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (SNGX)**. A información relativa a este rexistro, aos requisitos e aos trámites a realizar para inscribirse pódese atopar no seguinte enlace: <https://www.sepe.es/HomeSepe/Personas/encontrar-trabajo/Garantia-Juvenil.html>

Código Seguro De Verificación	7L/XxQQbc42ITgJTWymwhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Salvador Naya Fernández - Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia	Asinado	23/09/2019 14:21:22
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/7L/XxQQbc42ITgJTWymwhQ==		





AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE EMPREGO DA MOCIDADE E IMPLANTACIÓN DA GARANTÍA XUVENIL EN I+D+i, CONVOCATORIA 2018

Nome e apelidos	
D.N.I. número:	
Enderezo para os efectos de notificación:	
C/:	
C.P.:	
Poboación	
Provincia	
Teléfono de contacto:	
e-mail:	
Titulación:	
Universidade/Centro no que conseguiu o título *	
Nota media do expediente académico:	
Data de rexistro no Sistema Nacional de Garantía xuvenil:	

LIÑAS DE ACTUACIÓN

Indique en que liña/as de actuación solicita participar

- Investigación avanzada en Xeocronoloxía e Paleontoloxía Molecular (Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal)
- Xestión documental das actividades de transferencia e investigación na UDC (Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia)

* Se fose unha Universidade distinta da UDC deberá enviar unha certificación académica na que conste a nota media do expediente